

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 23 DE NOVEMBRO 2007

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión extraordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I**.

1. Proposta e aprobación, se proceder, dos títulos oficiais de mestrado e doutoramento para o curso académico 2008/2009 e das directrices para a implantación dos estudos de grao na Universidade da Coruña

Toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen presenta a relación de mestrados oficiais que figura no **anexo II** e que a Comisión encargada dos Posgraos Oficiais propón implantar no curso académico 2008-2009. Sempre segundo o Sr. Vicerreitor, trátase dunha proposta que foi avaliada pola Unidade Técnica de Calidade e polas subcomisións de traballo da propia Comisión.

Centrándose no contido da proposta, o Sr. Vicerreitor indícalles aos membros do Consello de Goberno que na proposta non figura o Mestrado en Linguaxe Natural, que foi retirado pola profesora propoñente. Tamén sinalalles que a Comisión informou favorablemente os mestrados de Dirección de Proxectos e Dirección Integrada de Proxectos, aínda que recomendando a súa integración nun título único, interuniversitario das tres universidades do sistema universitario galego, recaíndo a coordinación na Universidade da Coruña. Despois de sinalar que istos dous mestrados foron sometidos a informe externo dun experto da Axencia Nacional de Evaluación da Calidade e Acreditación (ANECA), por solicitude da Comisión de Posgrao, o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea remata a súa intervención expresando o seu agradecemento aos membros da Comisión de Posgrao e da Unidade Técnica de Calidade polo labor realizado nesta relación de mestrados oficiais que se somete á aprobación dos membros do Consello de Goberno.

Finalizada unha quenda de intervencións, en que participan os Sres. Tasset Carmona, González Sarceda, Casteleiro Maldonado e Casabella López, áprobase por asentimento a relación de mestrados oficiais que figura no citado anexo.

Rematada esta quenda de intervencións a propósito da relación de mestrados oficiais, toma a palabra de novo o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen presenta as liñas xerais do documento sobre directrices de implantación dos títulos de grao na Universidade da Coruña, que figura como **anexo III**.

Centra a súa intervención na explicación da estrutura xeral do documento, sinalando que foi difundido entre toda a comunidade universitaria para que presentase as correspondentes suxestións, se houber. Como consecuencia de tales suxestións, o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea dálles conta aos membros do Consello de Goberno que o documento mudou en varios dos seus apartados e propón, neste mesmo sentido, a inclusión no apartado de recomendacións para a elaboración dos títulos do seguinte texto: «A Comisión de Planos de Estudo da Universidade velará polo cumprimento da función que teñen os 60 créditos de materias comúns fixados polo Real Decreto, especialmente no relativo aos 36 créditos de materias vinculadas. A Comisión de Planos de Estudo poderá propoñer a creación dunha comisión por rama de coñecemento para a coordinación das materias básicas, cuxa composición e procedemento de elección aprobará o Consello de Goberno da Universidade».

Rematada a súa intervención, ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. González Veira, Naveira Fachal, López Fernández, Casteleiro Maldonado, Recuero Astray, Tasset Carmona, González Sarceda e Rodríguez Gayán, sempre a propósito de cuestións relativas a que órgano (centro, departamento, comisión de planes de estudos ou comisión técnica) debe ser o competente para a elaboración do título que corresponda, propoñendo neste sentido o Sr. Naveira Fachal que se eliminen todas as referencias que contén o documento á comisión de planos de estudos por entender que asumen competencias que corresponden ás xuntas de centro. Esta proposta decae en votación, solicitada polo Sr. Naveira Fachal, en que os membros do Consello de Goberno acordan por maioría (25 votos) manter a redacción orixinaria do documento, rexistrándose dúas abstencións e un voto en contra.

Áprobase por maioría dos membros do Consello de Goberno o documento sobre directrices de implantación dos títulos de grao na Universidade da Coruña.

2. Aprobación, se proceder, da oitava convocatoria de prazas ao abeiro das disposicións transitorias dos Estatutos da Universidade da Coruña

Neste concreto punto da orde do día toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dálles conta aos membros do Consello de Goberno da convocatoria de prazas que figura no **anexo IV**, que formalmente constitúe a oitava convocatoria de prazas ao abeiro das disposicións transitorias dos Estatutos da Universidade da Coruña, cumpríndose deste xeito o compromiso de realizar dúas convocatorias desta natureza ao ano.

Áprobase por asentimento a oitava convocatoria de prazas ao abeiro das disposicións transitorias dos Estatutos da Universidade da Coruña.

3. Aprobación, se proceder, de modificacións orzamentarias

Despois das explicacións ofrecidas polo Sr. Xerente, áprobase por asentimento dos membros do Consello de Goberno a proposta de modificación orzamentaria que figura no **anexo V**, relativa ao Departamento de Medicina da Facultade de Ciencias da Saúde.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11.20 horas.